

UNHA TARDE na ÓPERA

GALA
LÍRICA
EN
DOUS
ACTOS

25 de novembro, 20 horas.
Auditorio municipal
Gustavo Freire.
Parque de A Milagrosa.





PROGRAMA

Ombra mai fu (Serse)

G. F. Haendel

Deh vieni, non tardar (Le nozze di Figaro) (1)

W. A. Mozart

Sous le dôme épais (Lakmé) (1) (2)

L. Delibes

O mio babbino caro (Gianni Schicchi) (2)

G. Puccini

Coro degli zingari (Il Trovatore) (3)

G. Verdi

Laudate Dominum (1)

W. A. Mozart

Casta diva (Norma) (2)

V. Bellini

Canción de Solveig (Peer Gynt) (1)

E. Grieg

Coro degli schiavi ebrei (Nabucco)

G. Verdi

INTERMEDIO

Coro de doctores (El rey que rabió)

R. Chapí

Coro de barquilleros (Agua, azucarillos y aguardiente) (4)

F. Chueca

Coro de repatriados (Gigantes y cabezudos) (5)

Fernández Caballero

Donde estarán nuestros mozos (La del soto del parral)

Soutullo y Wert

Entrada de Paloma (El barberillo de Lavapiés) (6)

F.A Barbieri

Soledad (La verbena de La Paloma) (7)

R. Chapí

Habanera (Don Gil de Alcalá) (8)

M. Penella

Seguidillas (La verbena de La Paloma)

R. Chapí

Ombra mai fu é unha das composicións máis famosas de Händel. Nela, Xerxes canta o seu amor por unha árbore (*Platanus orientalis*) nunha actitude contemplativa e reflexiva que non revela a súa personalidade despótica e tiránica.

Deh vieni non tardar é unha ópera-bufa en catro actos composta por Wolfgang Amadeus Mozart, sobre libreto de Lorenzo da Ponte, composta entre 1785 e 1786, foi estreada en Viena o 1º de maio de 1786.

Lakmé é unha ópera en tres actos con música de Léo Delibes e libreto en francés de Edmond Gondinet e Philippe Gille, estreada en París, en 1883. A ópera inclúe o famoso e popular Dúo das flores (*Sous le dôme épais*)

O mio babbino caro é unha aria da ópera “Gianni Schicchi” (1918) de Giacomo Puccini. Cántaa a personaxe "Lauretta" despois de que as tensións entre Schicchi e os seus futuros sogros chegasen a un punto de ruptura que ameaza con separala do mozo que ela ama.

Coro degli zingari de “Il trovatore”, unha ópera en catro actos con música de Giuseppe Verdi. Está a amencer e os xitanos prepáranse para iniciar unha nova xornada de traballo tomando os martelos con que executan as tarefas do seu oficio mentres cantan.

Laudate Dominum é unha famosísima aria para soprano e coro das *Vesperae Solennes de Confessore* compostas no 1780 para uso litúrxico na Catedral de Salzburg.

Casta diva é unha aria da ópera *Norma* de Vincenzo Bellini na que o seu protagonista Norma dirixe unha pregaría á Lúa. Norma é un dos cumes do bel canto romántico e un dos papeis máis difíciles de todo o repertorio lírico.

Canción de Solveig, de “Peer Gynt” de Edvard Grieg pertence á chamada música incidental, pois está composta como acompañamento musical da obra de teatro, do mesmo nome, escrita polo seu compatriota e amigo Henrik Ibsen.

Coro degli schiavi ebrei. O coro “Va, pensiero” de “Nabucco”, ópera estreada en 1842, é unha das pasaxes corais máis representativos da época. No seu tempo, os italianos asimilárono como un canto contra a opresión estranxeira na que vivían.

Coro de doctores. El rey que rabió é unha zarzuela cómica. Iniciado o terceiro acto, atopámonos cunha peza onde os médicos da corte deben examinar un can que supostamente mordeu o rei, para determinar se o can puidese estar rabioso.

Coro de barquilleros «Agua, azucarillos y aguardiente!» era un berro habitual dos vendedores das rúas no Madrid de finais do século XIX. Desenvólvese nas proximidades da Verbena de San Lourenzo, o 9 de agosto, no paseo de Recoletos.

Coro de repatriados. Gigantes y Cabezudos foi estreada no Teatro da Zarzuela de Madrid, o martes 29 de novembro de 1881 con grande éxito.

Dónde estarán nuestros mozos. La del Soto del Parral, con música de Reveriano Soutullo e Juan Vert, estreouse no Teatro da Latina de Madrid o 26 de outubro de 1927, conseguindo un éxito tan resoante que o 15 de decembro do mesmo ano se representou tamén no Teatro Apolo por unha longa tempada.

Entrada de Paloma. El barberillo de Lavapiés é unha zarzuela en tres actos en verso, con libreto de Luís Mariano de Larra, fillo do famoso xornalista Mariano José de Larra, e música do mestre Francisco Asenjo Barbieri. Estreouse no Teatro da Zarzuela o 19 de decembro de 1874, conseguindo gran éxito de crítica e público.

Soledad (La verbena de la Paloma). O seu título fai referencia ás festas madrileñas en torno ao 15 de agosto, cando se celebra a procesión da Virxe da Paloma. No cadro segundo a acción trascorre ao aire libre nunha rúa do barrio da Latina. Na escena hai varios personaxes: dous gardas municipais, un sereno, un veciño e unha veciña.

Habanera. Don Gil de Alcalá é unha ópera. Considérase que está a medio camiño entre a ópera e a zarzuela; o autor considerábaa unha ópera de cámara. Estreouse o 27 de outubro de 1932 no Teatro Novidades de Barcelona.

Seguidillas (La verbena de la Paloma) Óese o barullo e a alegría de chulapas e chulapos que van de paso á verbena e que se deteñen para cantar o número cume deste primeiro cadro, «Por ser la Virgen de la Paloma» en ritmo ternario de Seguidillas.

Esperanza Iglesias Méndez, soprano

Paloma Suanzes Garrido, soprano

José M^a Rodríguez Eiras e Gerardo Álvarez Otero, percusión

Wilma Vega Álvarez (barquilleiro1)

Josefa Senín Fernández (barquilleiro2)

Raquel Leiro Castro (barquilleiro3)

Ángeles Cabarcos Bermúdez (barquilleiro4)

Manuel González Domínguez, tenor

Inés Rouñada Méndez, soprano

Ángeles Rey Esperón (cantaora)

Wilma Vega Álvarez (tía Antonia)

Francisco Javier Rodríguez García (un guardia)

Toño Núñez (outro guardia)

Pilar Brenlla Sánchez (veciña)

Joaquín Carrizo Carrizo (veciño)

Ana González Pedrouzo, soprano

Ángeles Rey Esperón, alto

Coros participantes:

***Cantar delas
Conxunto vocal Lugh
Coral Polifónica do Hospital
Grupo vocal Sólo voces***

Piano: Aurelio Chao Fernández

Dirección: Fernando Gómez Jácome

***Coordinación: Julio Méndez Menéndez de
Llano.***

Maquetación: Susana López Castedo

*Patrocina Deputación provincial
de Lugo*



DEPUTACIÓN
DE LUGO

*Colabora Concello
de Lugo*



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua